



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VALGA PARA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA COLECCIÓN VISITABLE, MUSEO DA HISTORIA DE VALGA

REUNIDOS:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro de 2016, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, José María Bello Maneiro, na súa calidade de alcalde do Concello de Valga, con CIF P3605600J, en virtude do disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades que nesta materia teñen os habitantes desa zona.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo con establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio á sociedade en xeral.





A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura. Pretende defender e promocionar os valores culturais do pobo galego, actuando no fomento e promoción da cultura, e na protección, conservación e difusión do patrimonio cultural.

Para isto desenvólvense mecanismos de promoción e difusión cultural que buscan, por un lado, apoiar a distribución e estimular o consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos dentro e fóra das nosas fronteiras e, paralelamente, buscan incentivar a presenza, a participación e a diversificación de públicos e garantir o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da nosa cidadanía.

O concello de Valga quere ampliar a colección visitable existente no Museo da Historia de Valga nas salas destinadas a persoeiros ilustres do concello de Valga. Por un lado ampliar o espazo expositivo sobre Xesús Ferro Couselo, e por outro lado o espazo expositivo sobre Carolina Otero “A Bella Otero”.

Xesús Ferro Couselo, historiador e investigador etnográfico. Un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, da revista Logos e do Partido Galeguista. En 1951 accedeu á Real Academia Galega. No seo da institución apoiou en 1963 a iniciativa de Fernández del Riego de instituír o 17 de maio como o Día das Letras. Ferro Couselo foi un historiador que contribuíu á difusión da nosa cultura e lingua a través doutros medios. Así, participou na creación da editorial Galaxia, a primeira creada en Galicia para a edición de libros en galego tras a guerra civil. Ademais ditou nas décadas dos 60 e 70 conferencias en galego e foi profesor dos primeiros cursos de galego que se impartiron en Ourense durante a ditadura. Deste xeito, e malia non contar practicamente con obra escrita na nosa lingua, a súa biografía fíxoo merecedor dunha homenaxe da cultura galega. En 1996 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

Carolina Otero, (Valga, 1868 - Niza, 1965), coñecida mundialmente como “A Bella Otero” foi unha das mulleres máis célebres de finais do século XIX e das primeiras décadas do XX. Pese a nacer nun entorno moi humilde, Bella Otero foi capaz de converterse na máis





exitosa bailarina do seu tempo dende o escenario do mítico teatro Folies Bergère de Paris; foi un dos personaxes máis destacados da *Belle Époque* francesa nos círculos artísticos.

Este proxecto de ampliación da colección visitable no Museo da Historia de Valga pretende dar a coñecer ao público visitante a historia de Valga e a figura e a obra dos seus persoeiros máis ilustres, Xesús Ferro Couselo e A Bella Otero. Dende veciños a estudantes, pasando por peregrinos e turistas, aspírase a enriquecer a vida social e cultural de todos convertendo este museo no núcleo dinamizador da Cultura e o Patrimonio tanto do concello de Valga como da comarca.

Con estes convenios asegurámonos de ter, dentro das nosas posibilidades, os espazos necesarios para que poidan representarse as diversas manifestacións da cultura galega nun marco digno e adecuado ás necesidades reais dos nosos tempos .

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto do presente convenio é a ampliación da colección visitable no Museo da Historia de Valga. Os traballos que se levarán a cabo no museo consistirán na adaptación do espazo ás novas necesidades polas pezas que se incorporan ao museo.

Actuacións:

- Acondicionar a sala destinada a Ferro Couselo debido á chegada de novos depósitos achegados pola familia, composta por obxectos persoais e coleccións documentais. A familia de Ferro Couselo doará insignias e obxectos que conformarán o discurso principal en torno á ilustre figura. Este proxecto suporá a colocación de paneis retroiluminados, textos informativos e creación de vitrinas expositivas específicas para os obxectos a expoñer.





- Ampliar o espazo expositivo dedicado á internacional figura de “Bella Otero”, para poder expoñer a totalidade dos obxectos dos que dispón o concello sobre a figura da Bella Otero. Trátase dun impulso xusto no ano do 150 aniversario do nacemento da singular artista. O proxecto suporá o deseño e execución de vinilos didácticos, textos explicativos, paneis retroiluminados, vitrinas expositivas.

Orzamento total: 65.787,70 € IVE incluído

Deseño de exposicións, imaxe corporativa, deseño gráfico e produción de gráficos aplicados:	13.828,50 €
Elaboración de paneis verticais, pedestais e armarios de madeira:	17.983,00 €
Fabricación de caixas de luz e vitrinas en aluminio:	10.785,00 €
Reprodución de pezas mediante fotogrametría e proceso mecánico:	11.773,50 €
Total	54.370,00 €
Total orzamento IVE incluído	65.787,70 €

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación pola necesidade de atender áreas específicas para a difusión dos recursos cos que contamos, como é o proxecto de ampliación da colección visitable no Museo da Historia de Valga, único con estas características, consistente en adaptar o espazo do museo ás novas necesidades das pezas que se incorporan a este. O visitante deste museo pode interpretar non só a historia de Valga, senón que tamén coñecerá a cultura e etnografía, así como a paisaxe natural ou os principais persoeiros ilustres como Xesús Ferro Couselo ou A Bella Otero. Este museo fai unha gran labor na difusión cultural e patrimonial entre os visitantes. A día de hoxe este





museo é o núcleo dinamizador da Cultura e Patrimonio tanto do concello de Valga como da comarca.

Por todo o anterior é o Concello de Valga o que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo, e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaria Xeral de Cultura, para o ano 2018, e dada a especificidade e exclusividade da actividade a realizar baseada en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas do Concello de Valga

O Concello de Valga comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de





Valga cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O Concello deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

O Concello comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar o Concello de Valga a cantidade de 50.000 €, para ampliar a colección visitable existente no Museo da Historia de Valga nas salas destinadas a persoeiros ilustres do concello, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, código de proxecto 2015 00370.





Esta cantidade, 50.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo de 40.000 €. O pagamento restante, 10.000 €, pagarase no momento da completa xustificación polo concello do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O Concello tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 40.000 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que o Concello solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e de acordo co





previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas . A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 20 de decembro de 2018.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O concello presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención, coa data límite de 20 de decembro de 2018 e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local co visto e praxe do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe.
- Acta de recepción.





A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2018, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que o Concello de Valga non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da





Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo alcalde do Concello de Valga.

SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das estipulacións deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.





OITAVA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partires do 1 de xaneiro de 2018.

DÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





XUNTA DE GALICIA

galicia

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

O conselleiro de Cultura,
Educación e Ordenación
Universitaria

O alcalde do Concello de Valga

Román Rodríguez González

José María Bello Maneiro

